

C

Compostela  
Cultura

---

AUDITORIO DE GALICIA

**REAL**  
**FILHARMÓNÍA**  
**DE GALICIA**

2018 → 2019


---

**XOVES 25**  
**ABRIL 2019**

**20.30 h**

**Auditorio de Galicia**

**Eun Sun Kim** Directora



---

# PROGRAMA

---

## I

### **FANNY MENDELSSOHN HENSEL (1805-1847)**

Abertura en Do maior (11´)

### **FRANZ JOSEPH HAYDN (1732-1809)**

Sinfonía núm. 22 en Mi bemol maior “O filósofo” (16´)

*Adagio*

*Presto*

*Menuet*

*Presto*

## II

### **MARIANNE MARTÍNEZ (1744-1812)**

Sinfonía en Do maior (13´)

*Allegro con spirito*

*Andante ma non troppo*

*Allegro spiritoso*

### **FRANZ JOSEPH HAYDN (1732-1809)**

Sinfonía núm. 101 en Re maior “O reloxo” (29´)

*Adagio - Presto*

*Andante*

*Menuet: Allegretto*

*Vivace*

---

Duración aproximada do concerto: 1 hora e 25 minutos

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

---

# REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

---

## Director artístico titular

Paul Daniel

## Principal director invitado

Jonathan Webb

## Director asociado

Maximino Zumalave

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Paul Daniel é, dende 2013, o seu director titular e artístico; Maximino Zumalave o seu director asociado e Jonathan Webb o principal director convidado. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo. A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG é financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

---

### VIOLÍNS I

Teimuraz Janikashvili  
(concertino)  
Anca Smeu  
(axuda de concertino)  
Victoria Jurov \*\*  
Anna Alexandrova  
Yulia Petrushevskaya  
Michal Ryczel  
Claudio Guridi  
Ilya Fisher  
Daniel Kordubaylo

### VIOLÍNS II

Grigori Nedobora \*  
Nikolay Velikov \*\*  
Kiyoko Ohashi  
Irina Gruia  
Gyula Vadaszi  
Helena Sengelow  
Samira Ajkic  
Enrique Roca  
Elina Viksne

### VIOLAS

Tilmann Kircher \*  
Natalia Madison \*\*  
Oxana Bakulina  
Timur Sadykov  
Ionela Ciobotaru  
Anne Schlossmacher  
Ane Aguirre  
Celia Carabias \*\*\*

### VIOLONCELLOS

Plamen Velev \*  
Barbara Switalska \*\*  
Millán Abeledo  
Thomas Piel  
Ailsa Lewin  
Carlos García

### CONTRABAIXOS

Carlos Méndez \*  
Alfonso Morán \*\*  
Oriol Xicart

### FRAUTAS

Laurent Blaiteau \*  
Luis Soto \*\*  
Marta Gómez \*\*\*

### ÓBOES

Christina Dominik \*  
Esther Viúdez \*\*  
Martín Alves \*\*\*

### CLARINETES

Beatriz López \*  
Vicente López \*\*

### FAGOTES

Juan Carlos Otero \*  
Manuel Veiga \*\*  
Diego Fernández \*\*\*

### TROMPAS

Jordi Ortega \*  
Alfredo Varela \*  
Xavier Ramón \*\*  
Germán Latorre \*\*\*

### TROMPETAS

Javier Simó \*  
Ramón Llátser \*\*  
Rodrigo Iglesias \*\*\*

### TIMBAL

José Vicente Faus \*

---

## EUN SUN KIM

### Directora

Logo do seu sensacional debut coa produción de *La Traviata* da Grande Ópera de Houston en 2017/18, Eun Sun Kim foi nomeada principal directora convidada da compañía, converténdose na primeira en conseguilo nos últimos 25 anos. Ademais, ampliará a súa presenza operística en Norteamérica cunha nova produción de *Rusalka* na Ópera de San Francisco. Recentemente recibiu un grande eloxio pola súa dirección da *Misa de Réquiem* de Verdi coa Sinfónica de Cincinnati e o coro May Festival Chorus en maio de 2018.

É convidada habitual en moitas óperas europeas. Mantén unha particular relación coa Ópera Estatal de Berlín, onde dirixiu recentemente exitosas producións de *La Traviata*, *Ariadna en Naxos*, *Madama Butterfly*, *Un baile de máscaras* e *Il Trovatore*. Abríu esta temporada co mesmo título na Royal Danish Opera en Copenhague e continúa na Ópera Estatal de Baviera dirixindo *Hansel e Gretel*, ademais de *Madama Butterfly* na Ópera de Stuttgart. Esta temporada porase ao fronte de orquestras sinfónicas en Lille, Malmö, Milwaukee e Calgary.

Na temporada 2017/18 dirixiu *Carmen* na Ópera de Zúric, *Rigoletto* na Semperoper de Dresde e *A Somnábula* na Ópera de Frankfurt, onde ten celebrado grandes éxitos con *O conde de Luxemburgo*, *O holandés errante*, *La Bohème* e *A princesa xitana*. Con anterioridade debutou na Ópera de Colonia cunha nova produción de *Lucía de Lammermoor*, e entrou en Escandinavia co

---

seu magnífico debut na Ópera Real de Suecia con *Madama Butterfly*, onde regresou para dirixir *O barbeiro de Sevilla*. En Oslo dirixiu *Carmen* e en Bergen *Madama Butterfly* e *O holandés errante*. A súa actividade concertística en Escandinavia tena levado a Oslo, Gotemburgo, Malmö, Umeå e Aarhus.

O seu recoñecemento internacional produciuse en 2012 co seu celebrado debut na produción de *La Bohème* coa Ópera de Frankfurt. Posteriormente debutou na Ópera Nacional Inglesa en Londres en 2013 nunha nova produción de *O morcego*. Despois dirixiu varios concertos en Nancy, Palermo, Turín e Bonn. Así mesmo, dirixiu *Carmen* na Ópera Popular de Viena, seguida de *La Traviata*, *Hansel e Gretel* e *O morcego*, ademais de *La Traviata* en Marsella, onde tamén foi convidada a concertos sinfónicos. En 2014 dirixiu unha nova produción de *Tosca* no Festival da Ópera de Macerata.

En 2010 debutou no Auditorio Nacional de Madrid coa Orquesta Sinfónica de Madrid e no Teatro Real con *A viaxe a Reims* de Rossini. Na seguinte temporada fixo o seu exitoso debut na Ópera de Graz con *La Bohème* de Puccini.

Eun Sun Kim estudou Composición e Dirección na súa cidade natal, Seúl. Continuou a súa formación en Stuttgart, onde se graduou con distinción. Inmediatamente despois de rematar os seus estudos recibiu o Primeiro Premio no “Concurso Internacional de Dirección de Ópera Jesús López Cobos”.

---

## Fanny Mendelssohn-Hensel (1805-1847)

Nacida Fanny Cecillie Mendelssohn Bartholdy foi, durante moito tempo, inxustamente menosprezada como compositora seria a pesar do seu extenso catálogo con pezas para piano, cancións, duetos, tríos, traballos corais a capella, música de cámara para diferentes instrumentos, unha abertura, un oratorio e varias grandes cantatas. Ese inexplicable esquecemento debeuse a varios factores: escribía música nunha época na que se consideraba inapropiado que unha muller de clase media-alta tivese ambicións laborais -o seu pai fomentou o seu talento no ámbito privado pero chegou a escribirlle "Debes dedicarte máis seria e dilixentemente á túa auténtica profesión, á única profesión dunha rapaciña, a de ser ama de casa"-, tamén tivo que ver a súa ascendencia xudía, o matrimonio co pintor Wilhelm Hensel e ademais foi eclipsada polo seu irmán Félix. A pesar do seu gran talento e de ser a primeira muller que publicou as súas obras, algunhas foron editadas co nome do seu irmán. En xeral, a música de Fanny era intensa e apaixonada e, seguramente, se vivise máis anos tería composto obras transcendentais do período romántico. A *Abertura*, que permaneceu inédita durante a vida da compositora e ata case un século despois, comeza delicada, con pasaxes de chamada e resposta dando lugar a unha melodía verdadeiramente serena. A partitura posúe temas moi atractivos e grande mestría creativa, ademais dun importante sentido para a orquestración a pesar da xuventude de Fanny.

---

## Mariana Martínez (1744-1812)

O mestre de cerimoniais do nuncio apostólico en Viena, Nicolás Martínez, elixiu para a formación musical das súas fillas a Joseph Haydn quen chamaba a Mariana *die Kleine Spanierin* (a pequena española). Como mestre de canto e composición contratou a Porpora, e Mariana tamén recibiu clases de Johann Adolph Hasse; ambos fixeron que a compositora tivese unha sólida base musical. Á morte do seu pai e do seu amante o poeta Pietro Trapassi, coñecido como Metastasio, Mariana herdou unha gran fortuna que lle permitiu organizar na súa casa interesantes reunións musicais coñecidas en toda Viena pois nelas participaban compositores tan importantes como Haydn, Mozart ou un mozo Beethoven. A súa produción inclúe sinfonías, concertos, música relixiosa e outras pezas como os oratorios "*Santa Elena al Calvario*" e "*Isacco, figura del Redentore*" con letra de Metastasio. A Sinfonía en do maior, composta en 1770, non foi editada ata 1991, está escrita en tres movementos ao estilo vienés segundo o esquema típico da sinfonía clásica: un movemento inicial rápido, un segundo máis lírico que substitúe os óboes polo timbre máis suave da frauta, igual que no concerto para clavecín, para rematar cun terceiro movemento rápido e vivo. Andrés Ruiz Tarazona, na estrea española da sinfonía escribiu: "*Trátase dunha sinfonía perfectamente clásica, dentro do estilo galante, aínda que non exenta de Empfindsamkeit, esa sensibilidade case pre romántica, moi feminina no caso de Mariana Martínez, como se puido apreciar no fermoso Andante ma non troppo, admirable polo seu encanto e sinxeleza. Se no primeiro movemento se aprecia un bo desenvolvemento formal e uns temas que nos fan evocar a Sinfonía de Arriaga, no Allegro final, gozamos duns ritmos e cadencias moi españois, ao estilo de Scarlatti ou Soler*".

---

## Joseph Haydn (1732-1809)

Cando Haydn aceptou o cargo de mestre de capela na corte do príncipe Paul Anton Esterházy, a orquestra adaptouse aos novos tempos. Haydn contratou intérpretes que tocasen varios instrumentos e que permitisen unha variedade de timbres necesaria para executar a nova música instrumental que se facía en Viena. O príncipe morreu en 1762 e o seu sucesor, Nicolas “o Magnífico” -home ilustrado e gran melómano- acolleu con gusto as novidosas propostas de Haydn, permitíndolle incluso correr certos riscos. Na década de 1760, a sona do compositor comezou a extenderse polo centro de Europa tal e como manifestaba un crítico no Wiener Diarium, en 1766: “Os seus movementos teñen beleza, orde, claridade e unha expresión delicada e noble [...] e non se pode negar que é de grande atractivo, incluso a pesar da súa rareza tan haydiniana”. Probablemente, o rasgo máis interesante das sinfonías temperás de Haydn é a rica mestura de timbres instrumentais organizando a textura orquestral dun xeito novo: dous violíns e un violoncello como concertinos, cordas de recheo, e instrumentos de vento con frecuentes momentos en que actúan como solistas. A *Sinfonía núm. 22 en Mi bemol maior* constitúe un fermoso exemplo de invención melódica e riqueza de sonoridades. Haydn escribiuna en 1764 estruturada en catro movementos en orde diferente ao que se imporía durante o Clasicismo: *Adagio* (en lugar do rápido inicial), *Presto* (en vez do lento e poético segundo movemento), *Minueto* e *Presto* (os dous últimos como nas sinfonías de décadas posteriores). O grave e meditativo movemento inicial introduce unha melodía coral interpretada por dous cornos ingleses, instrumentos que adoitan aparecer en partituras relixiosas ou dramáticas e



---

non en música máis festiva. Posiblemente ese clima solemne foi o que levou a algún crítico a subtitular esta sinfonía co sobrenome de *O Filósofo* na que as maiores diferencias chegan coa incursión do *Presto* no que trompas e cornos protagonizan momentos do tema principal e en motivos de enlace entre tonalidades, e tras o exquisito *Menuet* con trío que da paso ao *Presto* final, que, para algún case lembra unha escena de caza.

Na década de 1780, Joseph Haydn consolidouse como o compositor máis popular de Europa, publicando as súas obras en Berlín, Londres, París, Viena e outras cidades, ao tempo que recibía todo tipo de encargos. A súa exitosa visita ao París revolucionario, fixo del un dos autores máis célebres e admirados de Occidente e por iso, en xaneiro de 1791, foi recibido con grande expectación en Londres, a capital musical por excelencia durante o primeiro romanticismo. Cando Haydn chegou á capital inglesa, creceu o seu interese pola economía, a literatura ou a filosofía ademais de por cuestións técnicas, sociais e estéticas da linguaxe musical e todo iso converteuno no músico intelectual por excelencia. Tamén en Londres tivo, por primeira vez, acceso ao público -na corte non tiña relación cos seus ouvintes nin retorno das súas impresións- e así xorde nel a progresiva xeneralización das sorpresas e dos efectos humorísticos en case todos os movementos das sinfonías como o pulso en 'tic-tac' do *Andante* da *Sinfonía* coñecida como *O Reloxo*, que o público londiniense asociou á parodia dunha siciliana tocada por unha caixiña de música ou un mecanismo de relaxaría. Esta *Sinfonía* núm. 101 en re maior é a novena do ciclo coñecido como Sinfonías Londres e foi composta entre 1793 e 1794

---

para a súa segunda estadía na cidade do Támesis. Foi estreada no ciclo Hanover Square Rooms, do seu amigo, o empresario Johann Peter Salomon, quen dirixiu a orquestra. Público e crítica rendíronse ante Haydn e o Morning Chronicle publicou: “Pero como de costume, a parte máis deliciosa do espectáculo foi unha nova grande *Abertura* [sinfonía] de Haydn; o inesgotable, maravilloso, e sublime Haydn! Os dous primeiros movementos repetíronse e o carácter que embebía toda a composición foi de cordial alegría [...] Nada pode ser máis orixinal que o tema do primeiro movemento; e tendo atopado un tema feliz, ninguén como Haydn sabe como producir unha variedade incesante sen afastarse nunca do tema orixinal. A realización do acompañamento do andante, aínda que totalmente sinxelo, é maxistral; e endexamais oímos un efecto máis encantador que o logrado polo trío do minueto”.



---

# PRÓXIMOS CONCERTOS

**Xoves 2 de maio**

**20.30 h**

## **OSG EN COMPOSTELA**

ORQUESTRA SINFÓNICA DE GALICIA

Eliahu Inbal, director

Okka von der Damerau, mezzosoprano

G. Mahler, *Kindertotenlieder*

A. Bruckner, *Sinfonía núm. 7 en Mi maior*

WAB 107

**Venres 10 de maio**

**20.30 h**

## **QUE COMECE A MÚSICA! CICLO DE PIANO ÁNGEL BRAGE**

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Wayne Marshall, director e piano

G. Gershwin, *Strike up the Band! (Que soe a Banda!)*

G. Gershwin, *Concerto para piano en Fa maior*

Y. Bowen, *Sinfonía núm. 1 en Sol, op. 4*

### **AUDITORIO DE GALICIA**

Avda. Burgo das Nacións s/n  
15705 Santiago de Compostela

### **DESPACHO DE BILLETES**

T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)  
T 981 542 349 (Teatro Principal)

### **OFICINAS**

T 981 552 290 | T 981 574 152

[www.rfgalicia.org](http://www.rfgalicia.org)

[www.compostelacultura.gal](http://www.compostelacultura.gal)



RealFilharmoniadeGalicia  
CompostelaCultura



@rfgalicia  
@CCultura



CONSORCIO DE  
SANTIAGO



GOBIERNO  
DE ESPAÑA



CONCELLO DE  
SANTIAGO



XUNTA  
DE GALICIA



AUDITORIO DE GALICIA



Deputación  
DA CORUÑA